

Capela de San Paio

030060

Datos de Localización

Capela

Nomenclator: 3206202
Coord. UTM: X: 58997805
 Y: 465155432
Concello: Porqueira
Parroquia: PARADELA DE ABELEDA
Lugar: Lobios
Tipoloxía: Arquitectura Religiosa
Tipo: Capelas
Subtipo: Capela



Denominación: Capela de San Paio

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Capela cunha arquitectura moi similar á veciña ermida de Reboreda. É un edificio de pranta rectangular realizado en perpiaños, uns máis regulares ca outros. A disposición da fachada é a mesma cá de Reboreda, exceptuando uns cambios na espadana. Presenta porta de acceso alintelada cun vano horizontal a cada lado.

Espadana dun só oco con cornixa no arranque do arco. Coroa o conxunto unha cruz latina de sección romboidal co remate dos brazos en flor de azucena.

No documentación aparece xa mencionada unha ermida cara finais do século XVII, concretamente co gallo da visita parroquial do ano 1683, baixo a advocación de San Paio (Libro 34.7.7., fol., 1). Dise da mesma que está con decencia para oficiar misa.

No século XX sufriu unha restauración completa. Polo que se deduce da relación de gastos (Libro 34.7.6., fol., 197) só se aproveitaron as paredes, as imaxes e pouco máis. Levouse a cabo a instalación da luz eléctrica, pintáronse todas as imaxes, refundiuse a campá, etc.

DOCUMENTACIÓN:

A.H.D.OU.

Libro: 34.7.7.

Libro: 34.7.6.

-Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Unha profunda reforma do edificio a mediados do século XX, borrou todas as pegadas do seu decorado interior.

Bens Mobles







